

Novas da rede

A Rede Mentoring no Día do Emprendedor

O pasado 16 de xuño, dous mil emprendedores participaron no Día do Emprendedor, organizado polo Igape e Bic Galicia, no Pazo de Congressos de Santiago. As distintas actividades estiveron orientadas a axudar a desenvolver a creatividade empresarial en ámbitos como o financiamento, a formación directiva ou a mercadotecnia. Contou coa presenza de Joshua Novick, conselleiro delegado da empresa de mercadotecnia dixital **Antevenio**, única compañía de Internet española que cotiza en bolsa. Tamén estiveron presentes Antonio Máis, un dos principais especialistas en Internet e comercio electrónico, a empresaria Carlota Mateo, fundadora de **Rusticae**, ou Jorge Alcalde, director da revista **QUO**.

Iniciador Galicia, comunidade de emprendedores, interveu cunha mesa redonda composta por mozos emprendedores galegos que expuxeron os seus proxectos empresariais. Tamén a **Rede Mentoring** participou, pois non quixemos desaproveitar esta oportunidade para presentar aos novos emprendedores os nosos servizos. A xornada, a xulgar polos comentarios dos participantes, resultou to un éxito.



AXENDA

Congreso Internacional de Coaching

Os vindeiros 30 de setembro e 1 de outubro terá lugar en Santiago de Compostela **XIC10**, as primeiras **Xornadas Internacionais de Coaching**, que pretenden reunir aos principais coaches a nivel estatal e a unha representación da máxima calidade do ámbito internacional, á vez que mostrar exemplos de éxito de aplicación empresarial do coaching no ámbito galego. Estade atentos, seguiremos informando...

Taller de crecemento e consolidación empresarial

Como analizan as entidades financeiras aos seus clientes. Decálogo da negociación bancaria. Data: 16 de setembro de 2010. Lugar: A Coruña, en horario de 10 a 14:00 e de 15:30 a 19:30. Colabora: Arxon Estrategia, S.L.

Taller de crecemento e consolidación empresarial

Como comunicar e motivar mellor. Descubre o teu potencial a través do Coaching. Data: 7 de setembro de 2010. Lugar: Santiago, en horario de 10 a 14:00 e de 15:30 a 19:30. Colabora: Qcoach, S.L.

Máis información e inscrición: www.tallererescce.bicgalicia.es;
tallererescce@bicgalicia.es; 981 546828

Actualidade da empresa

Convocatorias da Escola de Organización Industrial, EOI

A EOI acaba de asinar un convenio coa Dirección Xeral da Pequena e Mediana Empresa do Ministerio de Industria polo que pon en marcha un programa de consultorías individualizadas **dirixidas a mellorar a competitividade das pemes**. As actuacións consistirán na realización dun diagnóstico inicial a partires da información achegada pola peme e na elaboración dun informe específico para contribuír a desenvolver a estratexia da empresa e propor instrumentos adecuados para a posta en marcha de novas iniciativas.

Ao mesmo tempo, EOI ofrece ás pemes galegas **servizos gratuitos de optimización enerxética** que analizan a eficiencia do consumo de enerxía das empresas e elaboran un proxecto personalizado de implantación para mellorar o consumo enerxético das instalacións. Ademais, os proxectos que supoñan un investimento integral, estratéxico e rentable, serán presentados a ENISA (Empresa Nacional de Innovación) para analizar unha posible contribución ao seu financiamento.

Máis información: <http://www.eoi.es>

Fondo Xes-Innova: préstamos participativos ao alcance

Aproveitando o Día do Emprendedor, Javier Guerra, conselleiro de Economía da Xunta de Galicia, fixo pública a contía do novo fondo de capital risco, **Xes-Innova Xove**: dous millóns de euros que terán por obxecto apoiar aos emprendedores desde o inicio da súa actividade ata a súa transformación nunha empresa atractiva, con perspectiva de rendibilidade. Contémplase a produción, investigación e desenvolvemento de todo tipo de actividades, preferentemente aquelas ideas vinculadas á innovación e ás novas tecnoloxías en campos como a biotecnoloxía, as telecomunicacións, as enerxías renovables ou o medio ambiente, así como outras vinculadas ao desenvolvemento tecnolóxico. Con este fondo poderán financiarse investimentos en empresas pertencentes a calquera sector, excluíndo as do sector construción e promoción, e tamén empresas financeiras ou de natureza inmobiliaria.

Máis información: www.xesgalicia.org



Experiencias de mentoring

RAFAEL NÚÑEZ SEOANE

Mentor da Rede Galega de Empresarios Mentores



Rafael Núñez Seoane é na actualidade director xeneral do Grupo Hedomin, grupo empresarial dedicado ás enerxías renovables. Foi director xeneral de Bricoking e de Gonzacoca durante os últimos quince anos.

Que é un proceso de mentorizaxe?

Sempre entendín o mentoring como un proceso de axuda á consolidación de empresas noveis. As pequenas empresas, normalmente, comezan cun emprendedor ou grupo de emprendedores que formalizan un negocio. Co crecemento e o éxito, chegan a un punto no que o negocio empézase a complicar, comeza a transformarse nunha empresa na que aparecen ineficiencias organizativas. O empresario adoita saber o que quere, pero ás veces non sabe como facelo. Ese é o momento en que un proceso de mentoring é necesario, o momento de apoiarse na figura do mentor, que coa súa experiencia e coñecementos intentará guiar ao empresario a evolucionar e mellorar na súa organización.

Cal é o papel do mentor, na súa opinión?

Axudar a pensar nas mellores solucións organizativas para unha compañía con dúbidas. As decisións finais, evidentemente, as toma o empresario.

Que valor engadido pode aportar o mentoring a unha empresa?

Entendo que decisivo, posto que se se elabora de xeito positivo, pode garantir a continuidade exitosa da empresa.

Que requisitos debe cumprir unha empresa que opte a un proceso de mentorizaxe?

Debe saber e crer que o necesita realmente. Se non existe unha implicación de todas as partes, será moi difícil conseguir o éxito do proceso.

Cales eran as súas perspectivas iniciais neste caso?

Sempre foron ser útil á compañía e axudarlles sobre todo a pensar.

Que lle chamou máis a atención do proceso? Que destacaría del?

O grao de implicación dos mentorizados, desde o primeiro momento sabían o que querían, cales eran as súas carencias e por suposto as súas virtudes.

Como valora os resultados acadados? E a súa participación?

Pola miña banda foi positiva, pero deberían ser eles os que me avalíen.

Cal cre que é o mellor método para despertar o interese das empresas polos beneficios do mentoring?

Penso que non está suficientemente promocionado nin publicitado, hai moita xente que se decata polo boca a boca. Probablemente hai moitas empresas interesadas que non saben que existe esta rede de mentores e, sobre todo, que é absolutamente altruísta.

DIEGO VÁZQUEZ REY

Socio director de Imaxin Software



imaxin software *Imaxin Software (Factoría de Software y Multimedia S.L.), empresa certificada CMMI nivel 3, foi creada no ano 1997 por catro enxeñeiros informáticos. Dedícase ao desenvolvemento de servizos e solucións avanzadas de software e está especializada en enxeñaría lingüística e multimedia. Son provedores de solucións de tecnoloxía lingüística para Microsoft Corporation (Vendor).*

Que lles atraeu do mentoring?

Aprender da experiencia doutros directivos, especialmente a visión dende outro sector e a visión “limpa” dunha persoa externa ao día a día da empresa.

Cales eran os seus obxectivos específicos ao recorrer a un mentor?

Facer unha análise do estado da nosa empresa e ver desde unha visión externa (mentor) como é que debemos estruturar a medio prazo a dirección, a xerencia, as vendas e as diferentes liñas produtivas.

Foi doado o proceso de mentorizaxe? Como se desenvolveu?

Foi moi doado pola grande disponibilidad e traballo do mentor. Estivemos encantados coa súa implicación total no proxecto e os seus consellos.

Poden destacar algunha das aportacións da mentorizaxe? Comezaron xa a aplicar as suxestións e, nese caso, con que perspectivas?

Foron reunións moi agradábeis e con moito humor. O mentor realizou un cadro de mando analítico que nos axudou a mudar o ángulo de visión da empresa. Nestes momentos estamos revisando a estrutura da empresa tendo en conta conclusións extraídas a partir desas reunións.

Cumpríronse as súas expectativas?

Cumpríronse moi por encima do que esperabamos. A implicación do mentor foi enorme.

AVISO

En agosto estaremos ausentes por vacacións, pero volvemos en setembro!

MÁIS INFORMACIÓN

Teléfono: 981 646 823 - Fax: 981 546 832
www.redementores.com - info@redementores.com

IGAPE - BIC Galicia - XesGalicia
Barrio de San Lázaro 63A
15703 Santiago de Compostela

